

# Texto apaixonante

## Lúa de emigración

PAULA FERNÁNDEZ

Unha das mellores maneiras de celebrar o aniversario deste suplemento é, sen dúbida, cun libro de Agustín Fernández Paz pola relevancia da súa obra, polo seu traballo no eido educativo e sobre todo polo seu bo quefacer literario. Un traballo tan bo que lle valeu os máis importantes reconocementos na súa dilatada carreira dedicada ao público máis novo, os cales acadaron o punto máis alto no ano 2008 cando conseguiu o premio nacional de literatura infantil e xuvenil por *O único que queda é o amor*. Á beira desta hai unha listaxe enorme de obras de Agustín que se nos fan imprescindibles, é inevitable facer referencia a *Cartas de inverno*, e a novela que vén de publicar con ediciones Xerais, *Lúa do Senegal*, vén tamén engrandecer esa relación afechando á literatura galega un tema aínda non moi tratado, a emigración.

Escolle Senegal como orixe e Vigo como destino para tratar a experiencia que supón



para Khoedi, a súa nai e a súa irmá marchar da súa terra para outra moi afastada onde agarda o seu pai. Relata, alternando a primeira e a terceira persoa, o proceso de adaptación da meniña e todo o que ela bota en falta no novo lugar. Un sitio radi-

calmente diferente ao Senegal que tanto lembra, onde só atopa un vínculo con este: a Lúa. Esta é a mesma en Vigo ca en Senegal e a lúa serve de leitmotiv na historia, Khoedi atopa nela un retallo da súa terra, unha confidente a quen contar os medos

e inquedanzas, e serve do mesmo xeito para dotar de máis emotividade á novela, pois no lugar de atoparmos unha historia sobre a emigración de fondo contido sociolóxico apreciamos unha historia emocionante e chea de sentimento.

É entón unha obra de contido fondo en moitos aspectos pois de reparar más polo miúdo no literario observamos unha intención evidente de facer literatura, de coidar a linguaxe ou de empregar no lugar adecuado o recurso preciso. Apreciamos a maneira brillante de inserir pequenas historias dentro da diáxese principal, historias fundamentais para coñecer a Khoedi e a cultura que deixou atrás, e decatámonos tamén dun traballo de documentación imprescindible para obter unha obra destas características.

Unha obra apaixonante, verdadeiramente útil para tratar moitos dos temas transversais necesarios nas aulas sen esquecer o gusto polas letras, pola boa escrita e polo deleite que debe supor para quen le achegarse a un libro.

FERNÁNDEZ PAZ,  
*Agustín, Lúa do Senegal*  
(Ilustr. Marina Seoane),  
Ed. Xerais, Vigo, 2009  
PVP.8,17€